# RÚBRICA AVALIACIÓN /EXPOSICIÓN ORAL PLANIFICADA

| Alumna/o: | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 punto | 0,75 puntos | 0,5 puntos | 0,25 puntos | 0 puntos | NOTA |
| **Planificación** | Planifícase a exposición cun guión e organízanse correctamente os contidos. | Hai pequenos erros na planificación da exposición e/ou na organización dos contidos. | A planificación é insuficiente; hai guión, pero con erros na organización dos contidos e algún é grave. | Non se elabora guión nin se planifica a exposición nin se organizan os contidos (falta algunha parte). | Non se realiza a exposición. | |
| **Pronuncia e fluidez** | O discurso é fluído, a entoación correcta, a vocalización e o ton favorecen a comprensión. | Atrancos cativos na fluidez. Entoación, vocalización e volume case sen carencias. | Fluidez regular; erros significativos na entoación, volume e/ou ton. | Non existe fluidez e hai dificultades de comprensión debido ao ton ou á vocalización. | Non se a exposición. | |
| **Riqueza expresiva** | Incorpórase o léxico visto na aula. Non hai repeticións.Non contén interferencias. Sen retrousos. | Incorpórase algo do léxico visto na aula. Escasísimas repeticións e/ou interferencias. Sen retrousos. | Úsase léxico variado e sinónimos Algunha repetición ou interferencia. Algún retrouso. | O léxico é pobre e repetitivo. Hai repeticións e interferencias significativas. Retrousos. | Non se realiza a exposición. | |
| **Adecuación** | Axústase o discurso ao rexistro esixido. Respéctase o tempo indicado. Non se usa linguaxe sexista nin expresións discriminatorias. | Hai algunha inadecuación no rexistro esixido. Aproxímase ao tempo estipulado. Non se usa linguaxe sexista nin expresións discriminatorias. | Mestura de rexistros, pero con predominio do esixido. Pequenos desaxustes no tempo. Non se usa linguaxe sexista nin expresións discriminatorias. | Non se distingue o rexistro formal do informal. Non se axusta ao tempo estimado. Úsase linguaxe sexista e/ou expresións discriminatorias. | Non se realiza a exposición. | |
| **Coherencia e cohesión** | O texto está ben estruturado. Úsanse conectores variados e marcadores textuais. | As ideas están ben ordenadas, pero carecen de introdución ou conclusión. Úsanse cinco ou máis conectores diferentes, ademais de marcadores textuais. | Hai algúns erros na ordenación das ideas e faltan a introdución e a conclusión. Úsanse tres ou máis conectores diferentes. Úsase algún marcador textual. | A ordenación das ideas é totalmente incoherente. *E, pero, que* son os únicos conectores usados. Non hai marcadores textuais. | Non se realiza a exposición. | |
| **Contido** | Demóstrase gran coñecemento do tema e úsanse exemplos na exposición. | Trátase o tema de forma correcta, con algúns exemplos. | Tema tratado de xeito superficial, sen exemplos. Erros non significativos. | Hai erros conceptuais graves. | Non se realiza a exposición. | |
| **Linguaxe non verbal e autocontrol** | A postura corporal é correcta e mírase a todo o público. Demóstrase seguridade. | En xeral, contrólase a situación. Procúrase mirar ao público e demostrar seguridade. | A linguaxe xestual non é correcta. Hai pausas, pero complétase a exposición. | Non se logra realizar a exposición completa. | Non se realiza a exposición. | |
| **TOTAL NOTA** | | | | | | |

| CÓDIGO CORRECCIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| SOBRESALIENTE | NOTABLE | BEN | SUFICIENTE | INSUFICIENTE | Para as exposicións non individuais, esta rúbrica pódese complementar coa do traballo en grupo, avaliada sobre 3 puntos. |
| 6,25 - 7 | 5,25 - 6 | 4 – 5 | 3,5 – 3,75 | 3, 25 ou menos | |